



Escrito por  
**YOLANDA NEIRA**

Ilustrado por  
**BLANCA MILLÁN**

# ALÉN

## LOITA E ACARIÑA

UNIDADE DIDÁCTICA

## ANTES DE COMEZAR:

O conto “Alén loita e acariña” foi publicado coa finalidade de achegar unha ferramenta que facilite crear, con nenas e nenos, espazos de reflexión e aprendizaxe compartida. Un xeito de fomentar conversas que proporcionen a oportunidade de cuestionarse o que pasa ao seu redor, aprendendo así que o cambio é posible entre todas e todos.

Xerar eses espazos non sempre é doado, por iso resulta esencial continuar construíndo ferramentas que axuden a acadar ese obxectivo.

Esta unidade didáctica pretende ser unha guía para ese proceso de reflexión e aprendizaxe significativa. Nela cotémpanse unha morea de actividades para repensar a violencia de xénero e o acoso escolar, podendo traballala coa infancia de xeito individualizado ou en grupo, na escola, no ámbito familiar ou noutros contextos de educación non formal.

As tres seccións en que se divide (comprensión lectora, traballamos en equipo e creamos coas mans) facilitan a elección das actividades segundo o interese da persoa que as dinamice. A realización da súa totalidade supoñerá un maior labor de sensibilización.

- Se desexas que a túa nena ou o teu neno afonde nas aprendizaxes que Alén desexa transmitir, prepara o lapis e as cores!
- Se desexas que o teu alumnado aprenda a detectar a presenza de violencia no seu fogar ou no patio da escola, prepara o lapis e as cores!
- Se desexas que a túa afillada, o teu sobriño, a túa irmá, o teu veciño... descubra que pode formar parte desta loita, prepara o lapis e as cores!
- Se desexas loitar e compartir, prepara o lapis e as cores!

# ALÉN

## LOITA E ACARIÑA

### UNIDADE DIDÁCTICA

Escrito por  
**YOLANDA NEIRA**

Ilustrado por  
**BLANCA MILLÁN**

4

COMPRESIÓN LECTORA

19

TRABALLAMOS EN EQUIPO

23

CREAMOS COAS MANS



## QUE É ISO DE LOITAR?

Pode pasar que ao escoitar a palabra loitar pensemos en enfrontamentos, en usar a forza física contra alguén, pero a palabra loitar ten outro significado:

Loitar é esforzarse para conseguir algo ou para evitar algo.

1. Pensa no conto que acabamos de ler e responde:

Que é o que desexa conseguir Alén?

Alén desexa conseguir

Que é o que desexa evitar Alén?

Alén desexa evitar

Alén é un gran loitador pero nunca usou a forza física para iso. Daquela, de que maneira loita Alén?

Alén loita

## QUE É ISO DE ACARIÑAR?

Pode pasar que ao escoitar a palabra acariñar pensemos en facerlle caricias a alguén, pero a palabra acariñar ten outro significado:

*Acariñar é tratar con cariño.*

Tratar con cariño é ser amable, falar, tratar e tocar con respecto, mirar bonito, entender á outra persoa, compartir tempo, expresar afecto, destacar calidades da persoa ...



2. Busca e escribe dúas situacións do conto nas que Alén acariña.

Alén acariña \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Alén acariña \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



O contrario de acariñar é maltratar, pero...

## QUE É ISO DE MALTRATAR?

Maltratar é agredir a alguén.

Dáse maltrato cando nunha relación entre persoas (relación de parella, relación de amizade, relación laboral ... ) unha delas fai cousas coa finalidade de dominar e controlar á outra. A esas cousas que se fan chámasele **AGRESIÓN**, e é algo que se fai **INTENCIONADAMENTE**.

Estes son algúns exemplos de agresión:



Mofarse dunha compañeira.



Empurrar a un compañeiro.



Romper un obxecto querido.



Facer a cambadela.

3. Que outros exemplos de agresión se che ocorren?  
 Debuxa e escribe:

---



---




---



---


No conto hai persoas que agreden a outras. Á persoa que comete a agresión chamámoslle **PERSOA AGRESORA**.

4. Colorea as personaxes do conto que son **AGRESORAS**:



Á persoa que sofre o dano, é dicir, aquela que recibe as agresións, chamámoslle **VÍTIMA**.

5. Colorea as personaxes do conto que son **vítimas** dunha agresión:





Imos repasar todas as palabras que estamos aprendendo, lembrando o que lle acontece a Coralia:



MALTRATO

Persoas agresoras	Agresión	Vítima
	<p>Fea es feísima! Tan fea coma o can do meu veciño!</p>	
Nenos burlóns	Insultos	Coralia

6. Agora completa ti o cadro lembrando o que lle acontece á nai de Marea. Debuxa no recadro as personaxes e/ou a situación e debaixo nomea o que corresponda.

Persoas agresoras	Agresión	Vítima
<hr/> <hr/>	<hr/> <hr/>	<hr/> <hr/>

7. Na primeira ilustración do conto hai sinais de alerta que nos fan saber que algo non vai ben. Busca as diferenzas e descubre que sinais son!



Cantas diferenzas atopaches? Esríbeas.

---

---

---

---

---



Agora xa sabes que cando unha persoa agride a outra hai maltrato, e que o maltrato se dá entre dúas ou máis persoas que habitualmente teñen unha relación, a cal pode ser de amizade, de parella, de compañeirismo ...etc.

No noso conto hai dous tipos de agresións diferentes, unha que se dá por parte de compañeiros de colexio e outra que se dá nunha parella. Cada unha delas recibe un nome diferente, imos descubrilos!

## ACOSO ESCOLAR OU BULLYING



## VIOLENCIA DE XÉNERO



### QUE É O ACOSO ESCOLAR OU BULLYING?

É cando na escola un/unha neno/a (ou máis) agriden intencionadamente e de xeito continuado a outra nena ou neno.

### QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO?

É cando un home, que se cre superior, agride intencionadamente a unha muller coa cal ten ou tivo unha relación de parella. Ese home cre que as mulleres son inferiores e que as pode tratar así.

A miña familia pasou moitos días pensando que me ía vir a gripe, pero a gripe nunca chegou.

Que era o que me pasaba?



Hai moitos xeitos de maltratar a unha persoa, imos ver como se lle chama a cada un deles! Así se un día che pasa iso ou ves a alguén a quen lle está a pasar saberás como nomealo!

### O MALTRATO FÍSICO

É o maltrato que se dá cando se magoa intencionadamente o corpo dunha persoa. Por exemplo: unha labazada, un empurrón, tirar dos pelos, unha patada, tirarlle obxectos etc.

### O MALTRATO PSICOLÓXICO

Neste tipo de maltrato non hai contacto físico, é o que se dá cando se usa a voz para facer sentir mal á outra persoa ou cando se causa un mal ás persoas ou obxectos importantes para ela. Por exemplo: insultar, rirse das cousas que fai, poñer alcumes ridículos, romperlle cousas, contar mentiras desa persoa, ameazar... etc.



9. Observa cada debuxo e escribe debaixo a palabra axeitada:

INSULTAR - PEGAR - BERRAR - AMEAZAR - MOFARSE



---

---



---

---



---

---



---

---



---

---

10. Relaciona cada situación co tipo de maltrato:

- INSULTAR
- PEGAR
- BERRAR
- AMEAZAR
- MOFARSE

MALTRATO FÍSICO

MALTRATO PSICOLÓXICO

11. Agora busca na sopa de letras as cinco palabras:

INSULTAR - PEGAR - BERRAR - AMEAZAR - MOFARSE

B	A	S	G	P	U	S	A	A	M	W	C	S
P	S	O	S	A	V	A	U	A	O	S	A	C
E	A	M	A	M	C	A	B	A	F	E	A	E
G	R	S	B	E	R	R	A	R	A	D	Y	I
A	C	F	L	A	I	A	A	A	R	F	Q	A
R	T	H	O	Z	R	D	A	E	S	A	O	A
T	Y	E	U	A	X	S	S	A	E	E	A	D
S	P	K	R	R	L	O	E	V	O	X	T	B
I	N	S	U	L	T	A	R	S	N	K	U	M
R	G	B	X	T	U	V	A	E	U	P	N	I

## QUE LLE ACONTECE A UNHA PERSOA CANDO É AGREDIDA?

Cando unha persoa é agredida sente unha morea de emocións desagradables.

Por exemplo, a mamá de Marea e máis Coralia senten as mesmas emocións a pesares de que unha é adulta e a outra é unha nena.

Estas son algunhas das emocións que senten:

**TRISTURA**, porque lle feren as palabras que lle din, as labazadas e os berros.

**MEDO**, porque temen volver a ser agredidas de novo.

**VERGOÑA**, porque non son quen de evitar que iso pase.

**IRA**, porque lles enfada ser agredidas polas persoas que queren.

**CULPABILIDADE**, porque cren que a súa maneira de ser non é a axeitada.

Todas estas emocións fan que Coralia e a mamá de Marea se sentan **ANULADAS**, é dicir, bloqueadas, conxeladas coma estatuas, sen capacidade para defenderse! Por iso é tan importante que outras persoas as axuden!

12. Se ti ves que están agredindo a unha amiga ou amigo... Que podes facer? Completa a listaxe coas túas ideas:

1. Non mirar para outro lado.
2. Non rir os chistes que fai a persoa agresora.
3. Comunicarllo á mestra ou mestre, ou a unha persoa adulta.
4. Preguntarlle á vítima se precisa axuda.

5. \_\_\_\_\_

6. \_\_\_\_\_

7. \_\_\_\_\_



13. Alén foi un gran loitador e non mirou para outro lado cando viu as agresións, ademais tivo a axuda dunha persoa adulta, a avoa, grazas á cal soubo como axudar a Coralia, a Marea e á súa nai. Isto converte a Alén nun gran heroe!

Que vestimenta caracteriza a este heroe?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

De que cor é o seu traxe de heroe?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Por que é desa cor?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Cales son os súper poderes de Alén?

A súa sensibilidade,

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



E ti ... loitas?  
Que características tes ti que te fan unha persoa loitadora e heroica?

Eu son

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Viches cantas cousas aprendiches facendo estes exercicios? Agora imos poñer a proba todo o que sabes no seguinte encrucillado!

1. Dáse na escola cando unha ou varias persoas (nenas e nenos) agriden a outra de forma continuada. \_\_\_\_\_

2. A violencia que se dá dun home cara a unha muller chámase violencia de \_\_\_\_\_

3. Esforzarse para conseguir algo ou para evitar algo. \_\_\_\_\_

4. É a persoa que sofre o dano, aquela que recibe as agresións.  
\_\_\_\_\_


5. É cando unha persoa agride a outra intencionadamente.  
\_\_\_\_\_

6. Tratar con cariño. \_\_\_\_\_

7. Cousa que unha persoa fai para danar a outra, controlala e dominala. Por exemplo pegar ou insultar. \_\_\_\_\_

8. Causar dano ou desgusto. \_\_\_\_\_

9. Deixar a unha persoa sen capacidade para defenderse. \_\_\_\_\_



1.

## OS SÚPER PODERES DE ALÉN



Eu teño unha morea de características, virtudes e xeitos de actuar que me axudan a ser un gran loitador.

Eses son os meus súper poderes!

Para que non esquezades cales son as claves para ser unha persoa loitadora convíдовos a realizar a seguinte actividade.

Para que nenas e nenos lembren aquelas características importantes para loitar contra as inxustizas é esencial falar sobre elas e telas presentes. Esta proposta consiste en realizar un mural coa figura de Alén, unha figura que poden pintar todas as persoas participantes fomentando así o traballo en equipo.

O mural terá un espazo reservado para escribir nel todas esas características que nenas e nenos identifiquen como súper poderes.

Algunhas das preguntas que se poden lanzar para promover a participación do grupo e crear unha choiva de ideas son: Que é o que fai a Alén ser diferente a outros nenos? Alén sabe poñerse no lugar das outras persoas, como se lle chama a esa capacidade?

Materiais necesarios: papel continuo, lapis, cores, rotuladores...

Alén é moi valente

Alén é...



Alén é...

## DIFRAZÁMONOS DE HEROES E HEROÍNAS

Cando acudimos a unha festa de disfraces sempre atopamos unha morea de súper heroes e outras tantas princesas!

Que vos parecería disfrazarvos de loitadoras e loitadores?



Para realizar esta actividade é preciso ir primeiro ás actividades 1 e 2 do apartado *Traballamos coas mans*.

Esta proposta consiste en completar o disface xa comezado en dita actividade. Tras pintar o escudo e o anteface toca confeccionar a capa! Cunha tela ou cunha bolsa do lixo de cor violenta xa tes o teu traxe completo!

Se o patio se enche de nenas loitadoras e nenos loitadores, quen se vai atrever a levar a cabo malos actos?



Actividade especialmente recomendada para conmemorar o  
**DÍA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR**  
 (2 de maio).

3.

## CAMPAÑA #EUSI



As redes sociais son grandes aliadas para dar visibilidade ás loitas! Collede unha cámara de fotos, o voso anteface violeta e sumádevos a esta campaña!



Mirar o mundo cun anteface violeta axuda a ver as inxustizas e as desigualdades de xénero: os actos machistas, as agresións, os estereotipos ...etc. Cantas máis persoas miren o mundo deste xeito máis doado será loitar, pero, que persoas da vosa contorna están dispostas a poñer o anteface violeta?


Esta proposta consiste en buscar a todas as persoas da comunidade educativa (familia, docentes, alumnado...etc) que desexen responder á pregunta, estás disposta a poñer o anteface violeta?, cun #eusi.

Unha vez localizadas as persoas loitadoras, realizade un proxecto fotográfico no que se retrate á vosa xente querida co anteface. Non esquezades compartilo nas redes do voso centro educativo co cancelo #eusi, e mesmo podeades montar unha exposición!



Actividade especialmente recomendada para conmemorar o  
**DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**  
 (25 de novembro).

## FACEMOS UN VÍDEOLIBRO



Esta proposta consiste nun proxecto plástico e audiovisual para sacar á luz a faceta artística de cada participante!

Cada persoa do grupo realiza o seu propio debuxo representando unha das escenas do conto, ata contar coas imaxes necesarias para montar o vídeo libro.

Ademais é preciso ter o conto en audio, por iso nenas e nenos farán de contacontos, gravando as súas voces mentres fan lectura do mesmo!

Unha vez realizada a montaxe de todo iso xa teredes o voso vídeo libro particular!



Actividade especialmente recomendada para conmemorar o  
**DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL**

(2 de abril).

# 1. CREAMOS UN ANTEFACE

Xa temos descuberto que poñer un anteface violeta é necesario para poder ver as inxustizas, a que esperas para ter o teu? Colle todo o material preciso e ponte ao choio!




## MATERIAIS NECESARIOS

- Ceras, rotuladores ou lapis de cor violeta
- Cartolina para pegar o anteface.
- Tesoiras para recortar o anteface.
- Punzón para facer os buracos.
- Goma elástica.



## CREAMOS UN ESCUDO

Toda heroína e heroe ten un logo representativo. Alén ten un escudo coa inicial do seu nome, como sería o teu? Debuxa a túa inicial e colorea o teu logo.





## MATERIAIS NECESARIOS

- Ceras, rotuladores e lapis de cores.
- Punzón para facer os buracos.
- Tesoiras para recortar o escudo.
- Corda para colgalo ao pescozo.



3.

## CREAMOS UNS MONICREQUES



## MATERIAIS NECESARIOS

- Ceras, rotuladores e lapis de cores.
- Tesoiras para recortar os monicreques.
- Paus de madeira
- Cinta adhesiva para pegar os paus ós monicreques.

## AGORA XOGAMOS COS MONICREQUES

Como puidesches ver no conto, hai veces en que no patio do colexio somos testemuñas de como agreden a un compañeiro ou a unha compañeira, e mesmo ti podes ser a persoa agredida. Como actuarías se es esa amizade que observa a agresión? Como actuarías se alguén te insulta ou che pega?

Para ser capaz de desenvolverte ben nestas situacións é importante adestrarse e aprender a buscar solucións! Un bo xeito de facelo é xogar cos monicreques! Coloréaos e pégalle un pau para poder manexalos. Despois en grupos de cinco persoas facede unha simulación da seguinte situación:



Alén, Coralia e Marea están xogando no patio ao pilla-pilla. De súpeto achégase un dos nenos burlóns e dille a Coralia:

—Ola cara de farola!

Como deben actuar as demais personaxes ante esta situación?

**E ti ... Loitas?**



© do texto: Yolanda Neira - CIM de Boqueixón  
© das ilustracións e o deseño: Blanca Millán  
© desta edición: Concello de Boqueixón

Primeira edición: setembro, 2021  
D. L.: C 1377-2021

Impreso en España.

Reservados todos os dereitos.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial por calquera medio sen a autorización previa, expresa e por escrito dos editores.

Hai unha clase de gripe que aparece cando se presencia violencia, unha gripe que só se cura con sensibilidade, empatía e loita. Alén descobre, grazas ás ensinanzas da súa avoa, como poñer remedio a esa doenza que ultimamente non fai máis que aparecer.



**As mans para loitar,  
non para ferir.  
A fala para acariñar,  
non para anular.**  
CIM de BOQUEIXÓN



CONCELLO DE BOQUEIXÓN



UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Secretaría Xeral da Igualdade



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE IGUALDAD